

Aristóteles

2º BACHARELATO

Aristóteles en selectividad

- **Filosofía teórica:**
 - Física e Metafísica
- **Filosofía práctica:**
 - Ética antirelativista e política



Época clássica. Platón (427 a.C. - 347 a.C.)

Período
Cosmológico

- Século VI a.C.
- Os presocráticos (*physis, arché*)

Período
Antropológico

- Século V a.C.
- Sócrates e os sofistas (relativismo vs universalismo & intelectualismo)

Período
Ontológico -
Sistemático


- **Século V - IV a.C**
- **Platón e Aristóteles** (estudo da realidade)

Estrutura da filosofía



Aristóteles (384 - 322 a.C)

- Nace en **Estaxira** no ano 384 a.C. no seo dunha **familia acomodada de médicos**. Este feito fixo que na súa **formación académica** tivesen especial **importancia as ciencias empíricas** influenciando na súa **obra posterior** máis empírica e realista que o seu mestre Platón (idealista e metafísico).
- Aos 17 **anos trasládase a Atenas** e entra na **Academia** platónica onde permanecerá durante 20 anos e, **inicialmente, aceptará os postulados de Platón**.
- Cando **morre Platón** no ano 347 a.C. sae de Atenas e **comeza a separación filosófica do seu mestre** destacando a negación da existencia das ideas separadas e, en xeral, comeza a elaboración do seu **propio sistema filosófico** que en gran medida será **unha oposición ao do seu mestre** aínda que conservará importantes adherencias platónicas.



“Son amigo de Platón, pero máis amigo da verdade” (Aristóteles)

Aristóteles (384 - 322 a.C)

- No ano 343-2 a.C. é reclamado polo rei Filipo de Macedonia para encargarse da **educación** do seu fillo: **Alexandre**. Cando este sube ao trono (336-5 a.C.) instálase de novo en **Atenas** e funda a súa propia escola: **o Liceo**
- No Liceo desenvolve unha importante **labor docente e investigadora cun marcado carácter empírico sen abandonar a metafísica.**

Sabías que a Aristóteles chamábanlle o *nous* na Academia?



Aristóteles (384 - 322 a.C). Obras.

Obra

Obras *esotéricas*

ἔσωτερικός (esôterikós) =
“círculo interior”, “pocas
pessoas”

Apuntamentos para os
seus alumnos do Liceo


Obras *exotéricas*

ἔξωτερικός exōterikós =
“círculo exterior”, “público
amplo”

Obras de carácter
divulgativo (non se
conserva ningunha)

Aristóteles (384 - 322 a.C). Obras.

- **Física:** Trata de temas de filosofia e física destacando o problema do movimento como passo da potencia ao acto.
- *De Anima*
- *De caelo*
- **Ética a Nicómaco:** Tratado sobre o comportamento humano onde se analisa o fin dos actos humanos e as virtudes.
- *Ética a Eudemo*
- **Política:** Análise da orixe da sociedade incluíndo unha crítica á teoría platónica da comunidade de bens e familia.
- *Poética*
- *Metafísica*



O problema do coñecemento. Aristóteles (384 - 322 a.C).

Aristóteles orienta a súa filosofía a unha **comprensión global da realidade** que supere a *Teoría das Ideas* do seu mestre.

Para iso plantea un gran problema inicial **epistemolóxico**

Cómo podo acadar un coñecemento verdadeiro e facer ciencia?


O problema do coñecemento. Aristóteles (384 - 322 a.C).

- Nas súas obras de **lóxica** define **ciencia como «coñecemento certo por causas»**, e distingue este coñecemento da simple opinión.
- Se trata dun **saber mediato** (precisa de pasos intermedios) e elaborado, **sostido sobre principios inmediatos, necesarios e universais.**

1. **Principio de non-contradición:** nada pode ser e non ser ao mesmo tempo e baixo o mesmo aspecto.
2. **Principio de identidade:** todo ser é igual a si mesmo.
3. **Principio de exclusión do termo medio:** entre o ser e o non-ser non hai termo medio.
4. **Principio de razón suficiente:** Para que algo suceda ha de existir unha causa proporcionada.
5. **Principio de causalidade:** todo o que existe é causado.

O problema do coñecemento. Aristóteles (384 - 322 a.C).


- Pero cal é a **orixe** destes **principios lóxicos fundamentais e universais**?
- Habería dúas explicacións razoables:
 - A) Que fosen innatos como diría Platón
 - B) Que sexan adquiridos a través da experiencia ✓



Intuición: É unha forma de obtención de coñecemento sin recorrer a razonamentos ou procesos lóxicos

O problema do coñecemento. Aristóteles (384 - 322 a.C).

- Os **siloxismos** son **procedementos lóxico - deductivos** de estrutura tripartita que permite unha **conclusión derivada de xeito lóxico das premisas**:
 - *Premisa 1 (xeral)*: Todos os cans son mamíferos
 - *Premisa 2 (particular)*: *Firulais* é can.
 - *Conclusión*: *Firulais* é mamífero




O problema do coñecemento. Aristóteles (384 - 322 a.C).



O problema do coñecemento. Aristóteles (384 - 322 a.C). Os conceptos.

- O **concepto** é o modo de coñecer que fai posible a ciencia. Aristóteles concíbeo como un **coñecemento de validez universal, é dicir, aplicable a moitos obxectos particulares.**
- Coñecemos o mundo a través das sensacións que nos chegan polos cinco sentidos. Pero, máis aló da sensación que nos permite ver ou oír algo, **podemos preguntarnos que é ese algo.**
- **O concepto non reflicte a materialidade das cousas, senón a súa esencia, natureza ou función. O concepto non reflicte a materialidade das cousas, senón a súa esencia, natureza ou función.** É dicir, o concepto é a **representación mental** da esencia (daquilo que fai que algo sexa o que sexa)
- O concepto **só existe na mente humana.**
- Cos conceptos elaboramos xuízos. O **xuízo lóxico**, tamén chamado «**proposición**», é o acto mediante o cal **unimos dous conceptos**, afirmando ou negando un doutro.

O problema do coñecemento. Aristóteles (384 - 322 a.C).



O problema do conhecimento. Aristóteles (384 - 322 a.C).

Cómo podo acadar un coñecemento verdadeiro e facer ciencia?

Físico: O problema da *physis* (multiplicidade e movemento)



O problema da *physis*. Física e Metafísica.

- **Conceptos previos:**

- **Física:** Estudo da realidade / natureza observable
- **Metafísica:** Estudo da realidade / natureza última
- Con Aristóteles “nace” a metafísica, aínda que el lle chama *filosofía primeira* as que buscas os cimientos da realidade.
- O termo *metafísica* é de Andrónico de Rodas o cal, compilando a obra aristotélica, colocou os escritos que ían despois da física co nome de *meta* (máis aló) física (natureza).
- Ademais, Aristóteles salta da metafísica a física constantemente polo que son disciplinas as veces pouco delimitadas na súa obra.

«E debido a que, evidentemente, é preciso adquirir a Ciencia **das primeiras causas** (dicimos, en efecto, que sabemos unha cousa cando cremos coñecer a súa causa primeira), e **as causas divídense en catro**, unha das cales dicimos que é substancia e a esencia (pois o porqué redúcese ao concepto último, e o porqué primeiro é causa e principio); outra é a materia ou o suxeito; a terceira, aquela de onde procede o principio do movemento, e a cuarta, a que se opón a esta, é dicir, **a causa final ou o ben (pois este é o fin de calquera xeración e movemento)**. Aínda que tratamos suficientemente das causas na Física (194b 17-20) [...]»

O problema da *physis*. Física e Metafísica.

- A **metafísica** comprende 14 libros que teñen por obxecto do estudo o ser (entendido como realidade e os seus principios fundamentais) e o como ser e as súas características (ontoloxía).
- A metafísica aristotélica é unha **mestura** realmente de **metafísica, física** e **ontoloxía** xa que na súa época nin sequera existía tal distinción.

*«Ahora bien, en todos los casos la ciencia se ocupa fundamentalmente de lo primero, es decir, de aquello de que las demás cosas dependen y en virtud de lo cual reciben la denominación correspondiente. Por tanto, si esto es la entidad, el filósofo debe hallarse en posesión de los principios y las causas de las entidades'»
(Aristóteles, Metafísica)*

O problema da *physis*. Física e Metafísica.

Presocráticos

Platón

Aristóteles

Movimento
(cambio)



Mundo Intelixible
Ideas eternas e inmutables

Mundo sensible
Copias da Idea.
A participación

Multiplicidade
(diversidade de seres)



NON A DUALIDADE DE MUNDOS

As causas deste mundo están neste mundo (inmanentismo)

O problema da *physis*. Física e Metafísica.

Por que Aristóteles nega a dualidade de mundos?

- Porque implica **numerosos problemas**:
 - **Complica a explicación da realidade** (hai que explicar dous mundos) e de **xeito innecesario** (xa que habería que explicar dous obxectos: a idea e a súa copia).
 - **As Ideas non poden ser causa dos obxectos** porque están **separadas deles** segundo o modelo platónico (crítica principal) → A esencia / universal non pode estar separada dos obxectos dos que esencia.

Terminoloxía: Idea (Platón) = Esencia / Universal (Aristóteles)

O problema da *physis*. Física. Aristóteles

Confía en que **mediante a razón humana** pódese chegar a un **coñecemento epistémico** (universal, único e necesario).



Pero, si **só hai un mundo** (o **sensible**, perceptible polos sentidos) que está en constante cambio, **como é posible a existencia dunha realidade universal que permita un coñecemento universal?**

“Non basta con dicir soamente a verdade, tamén é necesario mostrar a causa da falsedade” (Aristóteles)

O problema da *physis*. Física e Metafísica.

- Aristóteles **non nega a existencia das esenciais / universais** sólo a **súa existencia separada** (trascendencia) senón que debe estar no propio obxecto (inmanencia).

Existencia de Ideas
universais



Existencia separada da
realidade




O problema da *physis*. Física e Metafísica.

- Para Aristóteles o **mundo sensible = mundo real** (non como Platón que o consideraba aparente).
- Cando Aristóteles desenvolve as súas investigacións sobre animais salvaxes, empeza a **questionar a teoría das ideas de Platón**. Aristóteles sostén que a **esencia/idea dos obxectos e seres vivos** non é unha idea invisible, senón que **se atopa no interior de cada individuo concreto**.

Platón dice que todas las cosas del mundo real son una **copia** (mimesi, p. 49) de las **ideas**, pero **Aristóteles** no cree en absoluto que los caballos, las flores y los pájaros reales sean copias.



Aristóteles mantiene que la **esencia** de los objetos y de los seres vivos no es una idea invisible, sino que se encuentra en el interior de cada **individuo singular**.



O problema da *physis*. Física e Metafísica.



O problema da *physis*. Física e Metafísica.

O problema da *physis*

Que é o Ser?

O ser é **substancia** (οὐσία, *ousía*)

“En verdade, o que en todo tempo pasado e presente, constitúe o eterno obxecto de estudo e o eterno problema, Que é o ser?, equivale a isto: Que é a sustancia?. Hai quen di que a sustancia é única, outros en cambio, presuponen moitas e, entre estes uns sostén que seu número é finito e outros infinito. (*Metafísica*. Aristóteles)

O problema da *physis*. Física e Metafísica.

- A ***ousía*** é a **substancia fundamental** que constitúe a **identidade dos seres/obxectos, o que as fai ser o que son**, a diferenza das súas propiedades accidentais ou ***accidentes*** que poden variar.
- Aristóteles distingue:
 - ***Sustancia primeira*** (Ousía): Individuo concreto = Aristóteles, Sócrates, Platón.
 - ***Sustancia segunda*** (*deutera ousía*): Forma (eidos), Idea, Universal / Esencia = **humano**.



O problema da *physis*. Física e Metafísica.

- Os **accidentes** son aquelas **propiedades do individuo** que poden **cambiar sin afectar a substancia**. Poden darse en outros individuos.
- Exemplo: *Carlos Alcaraz*
 - Sustancia primeira: *Carlos Alcaraz*
 - Sustancia segunda: Humano
 - Accidentes: Pelo curto.



O problema da *physis*. Física e Metafísica.

Que é a substancia?

A substancia como composto de materia e forma

A substancia como xénese e cambio

A substancia como fin

Teoría hilemórfica

Explica o movemento (cambio) e a orde natural

O problema da *physis*. Física e Metafísica.

A substancia como **composto de materia e forma**. Teoría hilemórfica

- De que está feita a substancia?
 - **Materia** (*hyle*)
 - **Forma** (*morphé*)



Teoría hilemórfica

Materia: Aquilo do que **está feito** o individuo.

Forma: A **maneira na que se dispón a materia**.

O problema da *physis*. Física e Metafísica.

Pero se a *substancia segunda* é común a todos os membros dunha especie: non deberiamos ser -por exemplo- os seres humanos todos iguais?




O problema da *physis*. Física e Metafísica.

- **Non**, porque a **función da materia é individualizar** aos individuos da mesma especie.
- **A materia de cada individuo é propia e exclusiva de cada un.** A **materia** é polo tanto o **causa /principio de individuación** e ademais é un principio pasivo xa que só se limita a realizar a forma que lle corresponde.
- Este composto de materia e forma recibe o nome de **Synolon** (συνόλον) → *Syn* (xunto) + *Holon* (todo) = “Todo xunto”.

É a materia a que nos fai distintos dentro dunha mesma especie

O problema da *physis*. Física e Metafísica.

Forma



Morphé= forma individual da materia que se asemella ao *eidós*

Eidós= forma = Substancia segunda= Idea / Universal / Esencia. Está no interior de cada ser

O problema da *physis*. Física e Metafísica.




Existe realmente unha esencia universal pecadora do ser humano ou é un engano da igrexa para xustificar o seu poder?

O problema da *physis*. Física e Metafísica.


A substancia como **composto xénese e cambio**

Para Aristóteles, **o movimento** (cambio) **na natureza implica un proceso cara a estados finais** (a substancia como fin), onde **os obxectos naturais** (a diferenza dos artificiais) **posúen intrinsecamente a fonte do movemento ou impulso** (*dynamis*) e repouso.




O problema da *physis*. Física e Metafísica.

- Aristóteles sostén **que todo ser ten como obxectivo desenvolver a súa *forma* (*eidos*) a través do movemento** (cambio).
- Polo tanto, a ***forma* (*eidos*)** é a **causa (formal)** e -o mesmo tempo- o **motor do movemento** (cambio) e o **fin** ao que se **orienta o cambio** (teleoloxismo, grego *telos* = fin)



O problema da *physis*. Física e Metafísica.

- A forma é o “**molde**” na que a materia se desenvolve. A partir dese molde a materia se individualiza dando lugar a diversidade dentro da mesma especie.
- O *eidos* ou essencia está no interior dos seres.



O problema da *physis*. Física e Metafísica.

- **Forma (*eidos*):**

- **Causa formal:** É a causa pola que os seres dunha mesma especie teñen características formais similares xa que actúa como un “molde” que condiciona o movemento (cambio).
- **Motor do movemento:** Porque o cambio na natureza tende a acadar un estado final ou fin (neste caso, o seu *eidos*). Esa tendencia natural é a que provoca o movemento.
- **Fin:** É un fin xa que o obxectivo do movemento (cambio) é desenvolverse ata acadar o seu estado final ou fin: o seu *eidos*.

O problema da *physis*. Física e Metafísica.

Que é o movimento (cambio) en sí para Aristóteles?

Potencia


(*dynamis*, o que pode ser)



Movimento (cambio) = Paso
de potencia a acto

Acto


(*energheia*, o que é nese momento)



O problema da *physis*. Física e Metafísica.

A substancia como **composto de xénese e cambio**

- A **potencia** é a condición polo que a materia ten a **posibilidade** de asumir unha determinada forma.
- O **acto** é o **estado actual** no que ese ser realizouse.
- O fenómeno dun **ser/obxecto** que alcanzou o culmen da **súas potencias** coñécese como **Entelequia**.
- As **potencias** veñen **determinadas** pola **natureza do Ser** e non sempre se cumpren todas.



O problema da *physis*. Física e Metafísica.

Árbore

Semente



Brote



É **acto** (semente)
tamén é potencia
porque pode cambiar
segundo o seu fin
(convertirse en
árbore)

É **acto** (brote) pero
tamén é potencia
porque pode cambiar
segundo o seu fin
(convertirse en
árbore)

É **acto** (brote) pero
tamén é potencia
porque pode cambiar
segundo o seu fin
(convertirse en madeira)

O problema da *physis*. Física e Metafísica.

- O **movemento** pode provocar cambios:
 - Na sustancia → **Cambio substancial** (se refiere a sustancia primeira). Ten como consecuencia a creación dunha sustancia nova.
 - Os cambios substanciais se producen por:
 - **Xeración** (nacemento, paso do non ser ao ser). De semente a brote. De brote a árbore.
 - **Corrupción** (morte, paso do ser ao non ser). De vivo a morto.

Aristóteles, en consecuencia, **rexeita** a idea de **Parménides** da eternidade do ser.

O problema da *physis*. Física e Metafísica.

- Cambios nos accidentes → **Cambios Accidentais**
- Non cambian a substancia (nin primeira nin segunda). Poden ser:
 - **Cuantitativos:** Gañar ou perder peso, curtar ou deixar o pelo longo.
 - **Cualitativos:** Aprender habilidades como a música. A persoa é a mesma, pero cunha cualidade de ser músico. Pintar unha parede doutra cor. A parede é a mesma pero a cualidade da cor (é a que cambia)
 - **Locativos:** Cambiar algo/alguén de sitio. O ser/obxecto segue sendo o mesmo. O único que cambia é a súa localización.

Lembra: Aristóteles considera que a substancia primeira é aquilo que se da exclusivamente no individuo concreto e en ningún outro. O que **sí se da noutros individuos son os considerados accidentes**


O problema da *physis*. Física e Metafísica.



Lembra: Aristóteles considera que a substancia é aquilo que se dá exclusivamente no individuo concreto e en ningún outro. O que **sí se dá noutros individuos son os considerados accidentes**

O problema da *physis*. Física e Metafísica.

Cal é a orixe do movemento (cambio)?




O problema da *physis*. Física e Metafísica.

1. **Principio de non-contradición**: nada pode ser e non ser ao mesmo tempo e baixo o mesmo aspecto.
2. **Principio de identidade**: todo ser é igual a si mesmo.
3. **Principio de exclusión do termo medio**: entre o ser e o non-ser non hai termo medio.
4. **Principio de razón suficiente**: Para que algo suceda ten que existir unha causa proporcionada.
5. **Principio de causalidade**: todo o que existe é causado.

O problema da *physis*. Física e Metafísica.

- Para Aristóteles **todo fenómeno ten unha causa que o explique e xustifique a súa existencia.**
- Isto se traduce en que -para Aristóteles- **para que algo se mova (cambie), ten que haber algo que o estea movendo.**




O problema da *physis*. Física e Metafísica.

- Para Aristóteles e, en xeral en todo o mundo grego, a **posibilidade da existencia dunha cadea infinita de causas é imposible.**
- Polo tanto, ten que, **necesariamente**, haber unha **causa primeira que sexa causa e razón do movemento.**
- Esta **primeira causa** é o chamado: ***Motor Inmóbil.***

Aristóteles
Metafísica
Prólogo y traducción de
Fernán Cabre Marín



Aristóteles



Acerca del
Cielo

O problema da *physis*. Física e Metafísica.



- O **motor inmóbil** é chamado así porque:
 - **Non é movido por ningún** (inmóbil) nin, polo tanto, **non se move** (repouso, é un *acto puro* non posúe ninguna potencialidade).
 - **Move aos demais**

Contradición

O problema da *physis*. Física e Metafísica.

- Aristóteles soluciona esta contradición da seguinte maneira:
- O motor inmóbil non é o que provoca o cambio → **Non é a Causa eficiente**
- Os seres tenden a cambiar para alcanzar o repouso (entelequia) que é o fin do movemento.
- O **motor inmóbil (repouso) é o fin** (teleoloxismo) **ao que tenden naturalmente todos seres**. Nesa tendencia ao repouso se produce o **movemento (cambio)**.
- É dicir o motor inmóbil non é un medio para crear movemento, senón un fin ao que aspiran os seres e, con ese propósito (alcanzar o repouso), se produce o movemento.

O problema da *physis*. Física e Metafísica.



O problema da *physis*. Física e Metafísica.

Quen ou que é ese motor inmóbil?



O problema da *physis*. Física e Metafísica.

- Aristóteles di que **Deus é o motor inmóbil**.
- O Deus aristotélico non é un deus en sentido monoteísta
- Para Aristóteles a **substancia de Deus é a intelixencia**, polo tanto identifica a Deus cunha intelixencia.


“(Deus) El é tamén vida, porque a **intelixencia** tamén é vida e Deus é esa actividade mesma. [...] Xa sexa a súa **substancia** (a da intelixencia de Deus) a capacidade de entender, xa o acto mesmo de entender, que pensa esa **intelixencia**?”

(*Metafísica*, Aristóteles)



O problema da *physis*. Física e Metafísica.

- Algúns autores cristiáns verán no motor inmóbil de Aristóteles a Deus.
- Un destes autores foi **Tomé de Aquino**.
- Tomé de Aquino (ferviente seguidor de Aristóteles), desenvolveu as chamadas **cinco vías tomistas**, argumentos “racionais” para demostrar a existencia de Deus.



O problema da *physis*. Física e Metafísica.


- A primeira desas cinco vías, a do **movemento**, usa a idea do motor inmóbil que identifica con Deus.
- **Vía do movemento:**
 1. Cónstanos polos sentidos que hai seres deste mundo que se moven (cambian)
 2. Todo o que se move (cambia) é movido por outro.
 3. Unha serie infinita de causas é imposible, habemos de admitir a existencia dun primeiro motor non movido por outro, inmóbil.

Conclusión: Ese primeiro motor inmóbil é Deus.



O problema da *physis*. Física e Metafísica.

- O movemento (entendido como movemento, non como cambio) das esferas celestes tamén ten a súa **orixe no motor inmóbil**.
- Non obstante, considera que este **só é a orixe do movemento das estrelas fixas**.
- Para explicar a súa cosmoxía e o resto dos movementos, Aristóteles, introduce unha **terceira sustancia suprasensible** a cal actúa de modo análogo ao do *motor inmóbil*, e que sería unha especie de **motores inmóbiles secundarios**.



O problema da *physis*. Física e Metafísica.


- En resumo:
 - **Deus / motor inmóvil** dota de movimento a esfera das **estrelas fixas**.
 - A esfera da **estrelas fixas** dota de **movemento aos motor inmóviles secundarios** e, conseqüentemente, ao resto de esferas.



O problema da *physis*. Física e Metafísica.

Xa explicamos como cambian os seres pero:

Cal é a súa **orixe**, por que (**razón**)
existen?, cal é a súa **causa**?



O problema da *physis*. Física e Metafísica.

- Aristóteles sostén que para obter un **coñecemento científico da orixe e formación dun ser** hai que coñecer as súas **causas**.
- Na **formación de calquer ser** conflúen **4 causas**:
 - Causa **formal**: É aquela que lle otorga a forma, entendida como esencia. É dicir, a causa formal do ser humano é a **esencia humana**.
 - Causa **material**: É a materia da que se fai o ser / obxecto. No caso dunha estatua de bronce, a causa material sería o **bronce**.
 - Causa **eficiente**: É a que provoca o cambio sustancial do non ser ao ser.
 - Causa **final**: É o fin ou obxectivo ou finalidade do ser/obxecto. Por exemplo: a causa final dun coitelo sería **cortar**. Si non corta, xa non é un coitelo, sería outra cousa. É a máis importante para Aristóteles debido a súa concepción teleolóxica da natureza.

O problema da *physis*. Física e Metafísica.

- No caso dos **seres humanos**:
 - A causa **material**: É a mãe
 - A causa **eficiente + formal**: É o pai, sendo o seu sêmen a causa formal ao transmitir a *esencia* humana.
 - A causa **final**: felicidade (*eudaimonía*).



Resumo do problema da *Physis*

Problema da Physis = Multiplicidade e movimento (cambio)

Que é o Ser?

O Ser é Substancia

Substancia primeira: O individuo

Susbtancia segunda: Idea/ Esencia/ Universal

**Accidentes ou propiedades accidentais
(qualitativas, cuantitativas, locativas)**



Humano

Resumo do problema da *Physis*

Que é a substancia?

A substancia como composto de materia e forma

(materia= hyle + forma= *morphé*)

A substancia como xénese e cambio

(potencia, acto, entelequia, *dynamis*, repouso, *motor inmóbil*)

A substancia como fin

Teoría hilemórfica

Explica o movimento (cambio) e a orde natural

Resumo do problema da *Physis*

Orixe dos seres

Teoría das 4 causas

Material



Formal

Idea de mesa

Eficiente



Final

Poder escribir, colocar obxectos, etc.



Ética. Aristóteles.

Ética


Ética. Aristóteles

- Ética (*ethos* = hábito ou costume).
- Ética = “Conxunto de **accións** humanas que, **guiadas polas normas e valores aprendidos**, van **formando** o noso **carácter** ou **personalidade** mediante o **uso na vida práctica**”.



Ética. Aristóteles

- O ser humano é un “animal social” (*zoon politikón*) o que significa que **non pode ser entendido nin realizarse fóra da sociedade.**
- É pois, **na sociedade** onde **obtemos** as características que nos definen, incluída a nosa dimensión **ética.**
- A importancia da sociedade na ética fai que, en Aristóteles, **política e ética sexan inseparables.**




Ética. Aristóteles

- A **virtude** (*areté*) xorde da **repetición de actos bos**
- O obxectivo ou fin (*telos*) e a **felicidade = ben supremo**.




Ética. Aristóteles

- O problema é que **non todas as persoas perseguen os mesmos bens coas súas accións.**
- Algunhas persoas buscan riquezas, outros honras, outras praceres... o que implica -inicialmente- que a **felicidade sería relativa a cada individuo** (relativismo ético sofista) 

Ética. Aristóteles

- Os **sofistas** distinguían entre **nomos** (leis humanas) e **physis** (natureza) e **cuestionaban** (cando non directamente avogaban) a **pertinencia de cumprir as leis (nomos)** se estas contradecían a **physis**.
- Aristóteles rexeita esta visión e propón unha **ética antirelativista**.
Considera que o **nomos (leis)** son externas ao ser humano pero **imprescindibles para a súa vida social** e, por tanto, no seu **desenvolvemento como individuo**, que o leva a **felicidade**.
- Polo tanto, para fuxir do relativismo, é necesario **definir (universalmente) que é a felicidade**.



Ética. Aristóteles

- A **felicidade** sería “aquel **ben** que o **escollemos polo que é e non por outra cousa**”. (*Ética a Nicómaco. Libro I. Capítulo VII, Aristóteles*)
- Ese é o ben máis perfecto = ben supremo.



Non escollemos a riqueza ou os honores polo que son, senón porque **pensamos que nos farán felices**. É dicir, son un medio para acadar un fin (a felicidade).




Escollemos a felicidade polo que é sin necesitar de nada máis.

Ética. Aristóteles

Unha vez definida a felicidade, Aristóteles se pregunta:

Que nos fai felices?




Ética. Aristóteles

- Todo ser posúe unha **tendencia natural á realización da forma que lle corresponde.**
- A forma (*eidos*) que lle corresponde ao **seres humanos** é a **humana.**



Ética. Aristóteles

E que é o que fai a esencia humana distinta á do resto dos animais?




“Se a **felicidade** é unha actividade dacordo coa virtude, é razonable (que sexa una actividade) dacordo coa **virtude máis excelsa**, e esta será unha actividade da parte mellor do home. Xa sexa, pois, o **intelecto** xa outra cousa o que, por natureza, parece mandar, dirixir e posuír o coñecemento nobles e divinos, sendo esto mesmo o máis divino que hai en nós, a súa **actividade dacordo coa virtude propia será a felicidade máis perfecta**.

(Libro X. Capítulo VII. *Ética a Nicómaco*. Aristóteles)

Ética. Aristóteles

- Aristóteles é **realista** e é consciente de que o ser humano **non é un ser puramente racional**.
- Tamén é un **ser sensible = Paixóns, sensacións, desexos** que **debemos satisfacer moderadamente**
- Aristóteles afirma que a **alma é bipartita**:
 - Racional
 - Irracional:
 - Vexetativa: Encargada de funcións vitais (irrelevante desde un punto de vista ético).
 - Desiderativa: Onde residen os desexos e paixóns.
- A **parte racional** da alma debe **controlar** as **paixóns e desexos** (a quen te sona?)



*“Algúns puntos sobre a alma xa foron suficientemente estudados nos tratados exotéricos, e hai que servirse deles; por exemplo que **unha parte da alma é irracional e a outra ten razón**” (Ética a Nicómaco, Libro I. Capítulo XIII, Aristóteles)*

Ética. Aristóteles

- Debido a esta **doble dimensión humana** (intelectual e sensible) deduce **dous tipos de virtudes**:
 - **Dianoéticas** (de natureza intelectual)
 - **Éticas** (carácter, morais)



Ética. Aristóteles

- Virtudes **Dianoéticas**
 - Son aquelas de natureza **intelectual**
 - Estas virtudes se poden **aprender** (*paideia*, a diferencia das éticas que xorden froito da práctica repetitiva).
 - A **educación** (*paideia*) é **clave** como **medio** esencial para acadar a **felicidade** a través do **desenvolvemento da virtude** (*areté*) e para **formar cidadáns aptos** para a vida na **polis** (cidade- estado).

Ética. Aristóteles

- As **virtudes dianoéticas** son:
 - **Arte** (*techné*): A capacidade/coñecemento de producir obxectos guiada pola razón. O acto de creación en sí é a chamada *poiesis*.
 - **Prudencia** (*phrónesis*): Capacidade do ser humano para escoller o que é bo e útil. É **fundamental** para que poidan **existir as virtudes éticas**.
 - **Ciencia** (*episteme*): Entendida como a *capacidade de demostrar verdades universais e eternas*.
 - **Entendemento / intelecto** (*nous*): Capacidade de intuir os principios e causas primeiras e indemostrables da ciencia.
 - **Sabedoría** (*sophía*): É o culmen da ciencia e o entendemento. É a capacidade de coñecer os obxectos máis altos (abstractos) e contemplalos.

Ética. Aristóteles

- Virtudes **Éticas**:
 - Son **froito** da **repetición de actos “bos”** → **virtude**.
 - Un acto é bo si é **resultado da elección** (mediante a razón, en especial a virtude dianoética da *prudencia (phrónesis)*) **do termo medio (mesotés)** entre dous **extremos viciosos** (por exemplo: cobardía e temeridade) en **cada situación concreta** facendo **uso da razón**.
 - Xa non basta con coñecer o ben para facelo (Sócrates), senón que **hai que escoller / querer facer o ben mediante o uso da razón**. O intelectualismo ético aristotélico > socrático.
 - As virtudes éticas son **a temperanza, fortaleza, prudencia e xustiza** (4 virtudes cardinais)



Ética. Aristóteles

- Virtudes éticas

- Xustiza:

- **Universal** (legal): Cumprimento das normas da polis / comunidade
- **Particular**: Enfocada ás relación entre individuos. Se divide en tres:
 - **Distributiva**: reparto de bens en función dos méritos
 - **Conmutativa**: regula as relacións comerciais
 - **Retributiva ou reparadora**: cando o xuíz pretende reparar os danos causados.

Ética. Aristóteles

Virtudes



```
graph LR; A[Virtudes] --> B[Dianoéticas]; A --> C[Éticas];
```

Dianoéticas: As considera superiores en termos de desenvolvemento humano e logro do fin último (felicidade).

Éticas: Indispensables para a vida do cidadán en comunidade. A política e a xustiza na *polis* dependen delas en boa medida.

Prudencia
(phrónesis)

+

Virtudes
Éticas

=

Virtude completa / perfecta ou *Virtude do home de ben* (*spoudaios*) (Política. Aristóteles)

Ética. Aristóteles

- **Ética e política son indisociables** e unha cousa leva a outra.
- Aristóteles **non concibe o ser humano illado da sociedade** e, en consecuencia, **non pode haber ética sin sociedade**.
- Pola contra o **estado** ten un **fin ético**: realizar a **xustiza** e o **ben común = Felicidade**

Aristóteles.Política.

Política


Aristóteles. Política.

Política

- Busca do **ben común** → Felicidade
- A **vida en sociedade** é unha necesidade, non unha elección.
- A **proba desa sociabilidade natural** é a linguaxe (*logos*, palabra) cuxo fin (a comunicación) sería absurdo sen unha vida en sociedade



Oposto ao contractualismo (a sociedade é froito dun acordo entre individuos)



Thomas Hobbes
(1588 - 1679)



John Locke
(1588 - 1679)



Jean-Jacques Rousseau
(1712 - 1778)



Ética

- Busca do **ben individual** → Felicidade
- **O desenvolvemento do individuo** (e, polo tanto, a posibilidade de ser feliz) **só é posible dentro da polis**



A **función da sociedade** será **satisfacer as necesidades vitais ou primarias** e posibilitar o pleno desenvolvemento moral dos individuos.

Aristóteles. Política

- A **política** (*politiké*) é a **ciencia** «mestra» ou «arquitectónica» (*architectonike*) do **estudo dos asuntos e organización da polis** e o seu **fin** é **guiar aos cidadáns a eudaimonía**.
- A **lexislación** (*nomothetiké*), a **técnica ou arte de crear leis**, e a **súa ferramenta principal** e serve para guiar a cidade cara ao ben común. Para Aristóteles unha lei debe ser **pura razón** (e nada de **paixón**)
- As leis dependen da **constitución** (*politeia*, que é como o plano ou estrutura da *polis*). A constitución ordena a cidade establecendo o funcionamento dos cargos e da autoridade soberana en cada réxime político. Neste marco se crean / desenvolven as leis.

Aristóteles. Política

- **Gobernar** = Ocuparse dos asuntos da *polis* (función, organización, establecemento de obxectivos, etc.) e crear / cambiar leis.
- **Ser gobernado** = acatar e obedecer **voluntaria e racionalmente** as leis / directrices da *polis*. O contrario non sería goberno (no sentido ideal) senón opresión.



Tiranía: O cidadán é oprimido e acata o goberno e as leis mediante coacción





Monarquía: O cidadán acata o goberno e as leis de xeito voluntario e racional

Política. Aristóteles.

FORMAS DE ASOCIACIÓN

FIN (*telos*): A POLIS / CIDADE



1ª Forma de asociación: A **familia** (*oikos*)
CAUSA: **Perpetuación da especie e satisfacción das necesidades cotiás**

2ª Forma de asociación: A **aldea ou vila** (conxunto de familias)
CAUSA: **Satisfacción das necesidades humanas non cotiás**

3ª Forma de asociación: A **polis** (ou *cidade - estado*) (conxunto de aldeas)
FIN: **Procurar o ben común e posibilitar a vida conforme a virtude** (o que leva a felicidade do cidadán)

Oikonomía: Ciencia da administración do fogar / familia
Oikoloxía = Ecoloxía: Estudo do fogar.

Aristóteles. Política.

- A **sociedade** de Aristóteles:
 - **Cidadáns**: Son aqueles que poden participar e participan na vida pública (sobre todo no goberno e a xudicatura). Están **excluídos**:
 - Escravos e as mulleres (a diferenza de Platón).
 - **Aqueles con profesións ou asalariados** que lle quiten **tempo de ocio** (*scholē* = *schola* (latín) = escola) **para poder participar na vida pública, tampouco son aptos** para a cidadanía **excepto en réximes** como:
 - *Oligarquía* (xa que un profesional pode facerse rico, non así un asalariado) .
 - Democracia: Algunhas democracias son máis laxas por razón demográficas puntuais (non hai suficientes cidadáns)

“O **cidadán** sen máis por ningunha outra característica se define mellor que por **participar nas funcións xudiciais e no goberno**”. [...] Despois desto resulta claro quen é o **cidadán**: quen ten a **posibilidade de participar na función deliberativa ou xudicial**, a ese chamamos cidadán” (*Política*, Libro III, Aristóteles)


Aristóteles. Política

- Aristóteles **exclúe a mulleres e escravos da cidadanía** por consideralos de “natureza inferior” (sendo a muller superior ao escravo, excepto nos bárbaros que consideran que son *escravos por natureza* → O que xustificaría que os gregos os invadisen e gobernasen)

“E tamén na relación entre macho e femia, por natureza un é superior e outro inferior, un manda e o outro obedece” (*Política*, Libro I. Aristóteles)

Aristóteles:
Misóxino ou un home do seu tempo?

Cal é a natureza do escravo e cal e a súa facultade resulta claro do exposto; o que sendo home, non se pertence por natureza a sí mesmo, senón a outro, ese é por natureza escravo”. (*Política*, Libro I. Aristóteles)




Marx toma o sistema escravista grego como **modelo do modo de produción escravista**, un sistema onde o **motor do crecemento económico** é a **man de obra escrava** que é propiedade dunha clase dominante.

Aristóteles.Política.

É a mesma a virtude perfecta do cidadán ca do ser humano?


- **NON.** A virtude do cidadán é a función que desenvolve na polis, dependendo do réxime político. En cambio a virtude perfecta do ser humano é única.
- Aristóteles é realista e asume que é imposible que unha cidade enteira estea composta de homes bos, pero considera que sí pode estar composta de **bos cidadáns**.
- A **cidade** (*polis*) é un conxunto de cidadáns suficiente para vivir de xeito autárquico (*autarkeía*, autosuficiencia = posuír o necesario e acadar unha vida feliz. *Ética a Nicómaco*. Libro I, Capítulo VII.Aristóteles)

Aristóteles. Política.



Ríxido: División estricta do traballo en base a natureza de cada un.

VS



Función do cidadán: Cumplir coas expectativas do réxime concreto: gobernar ou ser gobernado
Rixidez selectiva: Só escravos e mulleres

Aristóteles. Política.

Análise dos réximes políticos

- Un **réxime político** é “unha ordenación das diversas maxistraturas da cidade e especialmente da que ten o poder soberano” (*Política*. Libro III. Aristóteles)
- É realista e reconece a **imposibilidade dun Estado perfecto** (ao estilo platónico).
- A **solución** é que **en función das súas características** (económicas, culturais, xeográficas) **cada pobo adoite a forma de goberno ou réxime político que mellor se adapte.**

Aristóteles. Política.

- Pese a todo Aristóteles distingue **dous grandes grupos de réximes políticos** en función da **busca do ben común**
 - **Rectos ou xustos**
 - **Desviados ou inxustos** (os gobernantes buscan o ben particular). Van en contra da natureza humana.

XUSTOS	DEXENERACIÓN →	INXUSTOS
Monarquía (o mellor)		Tiranía (o peor)
Aristocracia		Oligarquía (interese dos ricos)
<i>Politeía</i> (república ou <i>Estado constitucional</i>)		Democracia (interese dos pobres, o menos malo)

Aristóteles. Política.

Aristóteles afirma -inicialmente- que o mellor goberno é aquel exercido polos **mellores** (independentemente do número, ben sexan un, varios ou moitos) e procede a unha **análise sistemática** de cada forma de goberno.

“Posto que dixemos que os réximes rectos son tres, destes será necesariamente **o mellor que esté administrado polos mellores**. Tal é aquel no que sucede que hai un individuo, unha familia enteira ou unha multitude que destaca sobre todos en virtude” (*Política, Libro III*. Aristóteles)

Aristóteles. Política.

- En teoría, a monarquía é o goberno ideal, pero precisaría dun home perfecto o cal é moi raro, polo que **é inviable**.

"Así pois, das tres constitucións rectas, a mellor ten que ser a que é administrada polos máis excelentes, e esta é, sen dúbida, **a monarquía, se existe un individuo que sobresaia en virtude**." (*Política, Libro III, Aristóteles*).

"Polo cal, se no resto da comunidade política hai un home que se distingue tanto pola súa virtude, [...] non é xusto que sexa exiliado nin que se lle someta a goberno; así a todo, debe gobernar sobre todos, e ser rei vitalicio. [...] Pero **tales casos non se dan con frecuencia**." (*Política, Libros III - IV, Aristóteles*)




Aristóteles. Política.

- A **aristocracia** a considera moi **inestable e propensa a dexenerar en oligarquía** (sendo, en certo modo unha oligarquía por natureza xa que son poucos os que mandan) debido a **ambición**.

“Pero se disolven principalmente as repúblicas (*politeías*) e as **aristocracias** pola **desviación da xustiza** do propio réxime. [...] pero como os notables (virtuosos) adquiriron toda a terra en contra da lei (pois o réxime era demasiado oligárquico como para permitirles satisfacer a súa **ambición**). [...] Ademais, como **todos os réximes aristocráticos son oligárquicos, os notables adquiren cada vez máis vantaxas.**”

(*Política*, Libro V, Aristóteles).



Aristóteles. Política.

- Con respecto a **democracia**, considera que, en teoría, é **viable limitadamente** xa que depende de que se **cumplan estrictamente as leis**.
- O **problema** é que as **leis teñen un alcance limitado e non universal**. Ao non poder aplicar sempre a lei → **xorde a demagoxia** (busca do favor do pobo mediante halagos ou favores concedidos de xeito irracional).
- Coa demagoxia a democracia pervírtese e se torna despótica, como unha **tiranía** = A **democracia non é viable**.




Aristóteles. Política.

- **Descartada a idea dun goberno ideal**, Aristóteles vai centrar os seus esforzos en atopar o **goberno máis estable**.
- Aristóteles advirte da **inestabilidade dos gobernos xustos** xa que “os homes son bos dunha sola maneira e malos de moitas” (*Ética a Nicómaco*, Libro II. Capítulo VI. Aristóteles). Isto provoca que:
 - Os gobernos tendan naturalmente a **inestabilidade** (e as consecuentes revolucións - *stasis*-) e o cambio (*metabole*)
 - A **desviación**, xa que manter un goberno xusto sexa algo moi complicado na práctica.

Aristóteles.Política

- Aristóteles, como Platón, observa un círculo vicioso na política



Aristóteles. Política

- A **inestabilidade**, segundo Aristóteles, se produce porque os réximes políticos xustos e inxustos son polos opostos. É dicir representan dous extremos irreconciliables.
- Os **réximes xustos requiren de homes bos e xustos** (que saiban sempre escoller o termo medio) polo que **son moi difíciles de manter** e os **inxustos**, pese a que é fácil caer nas desviacións (ben por exceso ou defecto), estes son **por natureza (inxusta e arbitraria) inestables**.



Hai algún goberno estable?

Aristóteles. Política

Aristóteles vai buscar o termo medio (*mesotés*) entre os que considera como gobernos máis estables co *fin* de atopar o goberno máis estable. O busca entre a oligarquía e a democracia. Conclúe que o goberno que un goberno constitucional das clases medias (*politeía*) é o máis adecuado.

Oligarquía
(interese dos
ricos)

Democracia/demagogia
(interese dos pobres)

Clases medias
(réxime
constitucional ou
poiteía)

“Pero que a **masa debe ser soberana** máis ca os mellores (aristócratas) , pero poucos, pode **parecer unha solución** e, aínda que teña certa dificultade, ofrece tamén **algo de verdade**. [...] Ao ser moitos, **cada un ten unha parte de virtude e de prudencia**, e, reunidos, a multitude se fai como un só home con moitos pés e moitas mans e moitos sentidos; así tamén ocorre cos caracteres e a intelixencia. [...] Pois **todos reunidos, teñen suficiente sentido e, mesturados cos mellores, son útiles ás cidades**, do mesmo xeito que o alimento non puro fai o conxunto máis proveitoso que una pequena cantidade de alimento puro. [...] Además, una gran cantidade é **máis difícil de corromper**”
(*Política*. Libro III. Aristóteles)


Relacións posteriores. O helenismo

- As **conquistas de Alexandre Magno** acabarán coas ***polis*** entendidas como cidades - estado.
- A súa **morte** (323 a.C.) vai ter **terribles consecuencias** xa que os seus **xenerais** (diádocos) **loitarán** por quedarse coa maior parte posible do seu imperio ata o reparto final resultado da **batalla de Ipsos** (281 a.C.)



Relacións posteriores. O helenismo

- De entre estos diádocos destacarán catro:
 - Ptolomeo (Exipto)
 - Seleuco (Persia, Babilonia e Asia oriental)
 - Antígono (Asia Menor)
 - Casandro (Macedonia, Grecia e Tracia).



Relacións posteriores. O helenismo


- Ata este reparto final, vaise vivir un **periodo enormemente convulso e violento** onde a **filosofía vai buscar xeitos de acadar a paz e a felicidade en entornos moi complicados.**
- Con este obxectivo nacen as dúas correntes filosóficas máis importantes do helenismo:
 - **Estoicismo**
 - **Epicureismo**



Relacións posteriores

• Estoicismo

- Gran interese na **ética**.
- **Fundado** por **Zenón de Citio** (334 - 262 a.C.)
- Seus **principios fundamentais** son:
 - **A razón é o que nos fai humanos** e é parte dunha **orde racional do cosmos**
 - A **virtude** (coraxe, templanza, xustiza e fortaleza -as 4 virtudes cardinais-) é **o único ben do ser humano**, e o noso **único fin** (*telos*).
 - **Vivir ben** (*felicidade*, eudaimonía) é **vivir dacordo coa natureza** (é dicir, dacordo coa razón e a virtude nun entorno social, os estoicos tamén consideran ao ser humano como un *ser social*). A virtude non é un medio para ser feliz, senón a felicidade mesma.
 - **Sabedoría** é **ocuparse só do que podemos controlar e aceptar o noso destino**.
 - Aparte de Zenón, outros estoicos famosos fueron **Epicteto**, **Séneca** y el emperador **Marco Aurelio**.



Zenón de Citio



Lucio Séneca

Relacións posteriores. Estoicismo




Relacións posteriores. Epicureísmo.

- Foi fundado por **Epicuro de Samos** (341 - 270 a.C).
- Para Epicuro o **maior ben é o pracer** (pero non o sensual e desenfrenado, senón o **estático ou en repouso**). De aí que se coñeza como o *hedonismo racional*.
- Seu **obxectivo** era acadar a **felicidade** (*eudaimonía*) = ***pracer catastemático***
- A diferenza de Aristóteles, **os epicúreos rexeitaban a participación na vida pública** xa que a consideraban unha fonte de preocupacións e ansiedades.

«En una disputa
filosófica, el que es
derrotado gana
más, porque es el
que más aprende».

- Epicuro de Samos -



Entrada ao Xardín de Epicuro

Relacións posteriores. Epicureísmo.

Tetrapharmakon
(4 remedios)

- **Non temas aos deuses** (estes non se preocupan por ti)
- **Non temas á morte**
- **O pracer** (necesario para **una vida feliz**) *é fácil de acadar* (amistade, comida, etc.)
- **A dor é fácil de soportar**

Ataraxia: Estado de paz mental e imperturbabilidade

+

Aponía: Ausencia de dor física

+

Amistade

FELICIDADE

Relaciones posteriores

- Claudio Ptolomeo (100 - 170 d.C.)

